

**DECRETO**

**EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA A GASTOS DERIVADOS DO ABOAMENTO DUN COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE AO PERSOAL MUNICIPAL, ANTE A INEXISTENCIA DE CRÉDITO ADECUADO E SUFICIENTE EN DETERMINADAS APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS DO VIXENTE ORZAMENTO XERAL 2021.**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 49-2021, por un importe total de 55.123,65 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2021, para dar cobertura a gastos derivados do aboamento dun complemento de produtividade ao persoal municipal, ante a inexistencia de crédito adecuado e suficiente en determinadas aplicacións orzamentarias do vixente Orzamento Xeral 2021.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2021/1794 de data 12/11/2021, así como RCMOD: 2021/79390 e 2021/79391 de data 11/11/2021, por importe de 55.123,65 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

**Primeiro.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 55.123,65 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<b>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</b>	<b>IMPORTE €</b>	<b>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</b>	<b>IMPORTE €</b>
13200.12000 13200.12101	18.854,33 € 36.269,32 €	17000.15000 32000.13002 32000.15000 32381.15000 32382.15000	10.277,06 € 8.013,46 € 9.803,02 € 13.349,16 € 13.680,95 €
<b>TOTAL CRÉDITO CEDIDO</b>	<b>55.123,65 €</b>	<b>TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO</b>	<b>55,123,65 €</b>

## INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac5241018262719786279.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 49-2021 Produtividade 2021

**Segundo.** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.